



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 22 de agosto do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidente:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Secretario Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000034: SERVIZO DE ACTIVIDADES RECREATIVO-DEPORTIVAS 2025-2028

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)





2.- 2024/CONTRAT/000085: ACONDICIONAMENTO DE CALELLO EN PERILLO

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

Fóra da orde do día

Solicítase autorización para tratar un asunto fóra da Orde do Día, como é:

2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA

A Mesa de Contratación reunida o pasado 2 de agosto do 2024 propuxo a adxudicación desta licitación á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L.. Así, o día 5 de agosto do 2024 remitiúselle requirimento para que presentase unha serie de documentación previa á adxudicación de conformidade co art. 150.2 LCSP e cláusula 2.3.2 do prego, concedéndolle un prazo de cinco días hábiles para a súa presentación. Transcorrido o prazo concedido, non consta presentada ningunha documentación ao respecto.

O día 13 de agosto do 2024 (un día fóra do prazo), a empresa comunica telefonicamente ao Servizo de Contratación que non tivo constancia do aviso da notificación do requirimento da documentación ata ese momento e presenta ese mesmo día a documentación requirida.

Procedería que a Mesa de Contratación tome unha decisión ao respecto deste asunto.

Xa que logo, en aras de garantir a celeridade e o impulso do procedemento administrativo, a Mesa considera convinte resolver este asunto canto antes para que non se dilate máis no tempo. En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda a súa urxencia e autoriza a tratar o seguinte asunto:

3.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA

- Adopción de acordo sobre a presentación fóra de prazo da documentación previa á adxudicación a que se refire o art. 150.2 LCSP e cláusula 2.3.2 do prego de cláusulas administrativas; por parte do licitador proposto como adxudicatario.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

1.- 2024/CONTRAT/000034: SERVIZO DE ACTIVIDADES RECREATIVO-DEPORTIVAS 2025-2028

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024004099, de 1 de agosto, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE ACTIVIDADES RECREATIVO-DEPORTIVAS 2025-2028”.

O importe de licitación é de 21.840,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (4.586,40 €), o que supón un importe de 26.426,40 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 2 de agosto do 2024.

Rematado o día 19 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que non se presentou ningunha.

Por conseguinte, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón ao órgano de contratación:

PRIMEIRO.- Que se declare deserta esta licitación ao non terse presentado licitadores.





2.- 2024/CONTRAT/000085: ACONDICIONAMENTO DE CALELLO EN PERILLO

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003903, de 23 de xullo, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “ACONDICIONAMENTO DE CALELLO EN PERILLO”.

O importe de licitación é de 49.557,28 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (10.407,03 €), o que supón un importe de 59.964,31 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2024.

Rematado o día 19 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	19/08/2024 16:28:53

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LÓPEZ CAO
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incorrido en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XI do PCAP, que consiste nun programa de traballos.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.





3.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA

A Mesa de Contratación reunida o pasado 2 de agosto do 2024 propuxo a adxudicación desta licitación á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. (B15547979)

Así, o día 5 de agosto do 2024 remitiúselle requirimento para que presentase unha serie de documentación previa á adxudicación de conformidade co art. 150.2 LCSP e cláusula 2.3.2 do prego, concedéndolle un prazo de cinco días hábiles para a súa presentación. Transcorrido o prazo concedido, non consta presentada ningunha documentación ao respecto.

O día 13 de agosto do 2024 (un día fóra do prazo), a empresa comunica telefonicamente ao Servizo de Contratación que non tivo constancia do aviso da notificación do requirimento da documentación ata ese momento e presenta ese mesmo día a documentación requirida.

Procedería que a Mesa de Contratación tome unha decisión ao respecto deste asunto.

Deste xeito, a Mesa toma coñecemento do informe xurídico emitido o día 16 de agosto do 2024 pola Técnica de Contratación, D^a Elena Orro Arcay; o cal consta no expediente. Neste informe, a Técnico de Contratación, tomando como base a Resolución 169/2018 emitida polo Tribunal Administración de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Madrid, conclúe:

“.../...”

CONCLUSIÓN:

Por tanto, entendemos que coa finalidade de protexer os intereses da corporación e preservar o principio de adxudicación do contrato á oferta economicamente máis vantaxosa poderá admitirse a documentación presentada fóra de prazo e polo rexistro electrónico.”

Por outro lado, o Interventor Municipal tamén emite informe o día 19 de agosto do 2024 fiscalizando favorablemente o expediente; sen ben informando que debe de ser a Mesa de Contratación a que acorde se admite ou no a documentación presentada fóra de prazo.

Por conseguinte, dado que consta dilixencia do Servizo de Contratación cualificando positivamente documentación presentada, que o citado Servizo de Contratación emite informe xurídico motivado a favor de aceptar esta documentación e que o expediente é fiscalizado favorablemente para a súa adxudicación por parte da Intervención Municipal; a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a documentación previa á adxudicación (art. 150.2 LCSP e cláusula 2.3.2. do PCAP) presentada fóra de prazo por “Jardinería Arce, S.L.” (B15547979) e propoñer ao órgano de contratación





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

que se lle adxudique o contrato de obra denominado “Restauración infraestrutura verde municipal. Senda costeira Canide-Mera” a esta empresa.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

